

**VI. ANUNCIOS****B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DE CARBALLEDA DE VALDEORRAS**

*ANUNCIO de aprobación da oferta de emprego público ordinaria correspondente ao ano 2022.*

Por Resolución da Alcaldía Presidencia, do 14 de xuño de 2022, aprobouse a oferta de emprego público ordinaria do Concello de Carballeda de Valdeorras correspondente ao ano 2022 para a estabilización do emprego temporal de conformidade coa Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, cuxa parte dispositiva se transcribe a seguir:

1º. Aprobar a oferta de emprego público ordinaria do Concello de Carballeda de Valdeorras correspondente ao ano 2022 na cal se inclúen as seguintes prazas:

A) Persoal funcionario:

- 1 praza de auxiliar administrativo/a, grupo D, subgrupo C2.
- 1 praza de encargado/a de servizos, grupo D, subgrupo C2.

B) Persoal laboral:

- 1 praza de traballadora social, grupo 2, a xornada completa.
- 2 prazas de auxiliar de axuda a domicilio, grupo 7, a tempo parcial, cunha xornada de 33 h/semana.
- 1 praza de auxiliar de axuda a domicilio, grupo 7, a tempo parcial, cunha xornada de 25 h/semana.
- 1 praza de auxiliar de axuda a domicilio, grupo 7, a tempo parcial, a media xornada.

2º. Publicar a devandita oferta no taboleiro de anuncios da Corporación (sede electrónica concellocarballedavaldeorras.com), no *Boletín Oficial* da provincia e no *Diario Oficial de Galicia*, e proceder no seu momento á convocatoria dos correspondentes procedementos de selección de acceso con publicación no BOE, DOG e BOP.



3º. Remitir a certificación ao Ministerio de Facenda e Función Pública, a través da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos.

4º. Dar conta desta resolución ao Pleno na próxima sesión ordinaria que se realice.

Carballada de Valdeorras, 16 de xuño de 2022

Mª Carmen González Quintela  
Alcaldesa

